

1 Relaciona as seguintes frases feitas co seu significado:

- | | |
|---------------------------------|---|
| 1. <i>Matar o tempo.</i> | a. Prepararse unha tormenta. |
| 2. <i>Por min, que chova.</i> | b. Entreterse para que o tempo pase antes. |
| 3. <i>Afogar en pouca auga.</i> | c. Dominio dos sentimentos e emocións. |
| 4. <i>Armarse a tronada.</i> | d. Expresión de indiferenza. |
| 5. <i>Sangue frío.</i> | e. Preocuparse por un problema sen importancia. |

2 Busca cinco adxectivos e escríbeos:

Morris arrastrouse fóra da casa e andou tristeiro sen rumbo polas rúas de Coles de Bruxelas. O vento xeado entráballe polo xerse; era demasiado fino e Morris estaba conxelado. Tiña fame pero só levaba unha goma de mascar de remolacha. Sentou nun valado e mascou nela ata que quedou máis branda e rica. Deulle por pensar se a súa nai estaría a botalo de menos. Sentiuse tan triste e só que rompeu a chorar.

—Vaia! —dixo unha voz forte—. Seica te sentes malpocado.

Mick Fitzmaurice: *Morris Milpés*,
Edicións Xerais, col. Sopa de libros.

.....
.....

3 Escribe un adxectivo que poidas aplicar a cada un destes nomes:

neve	pasteis
laranxas	grilo
xerse	caderno

4 Completa con **m** ou **n**:

so.....bra	pu.....to	e.....panada	ma.....ta	aca.....par
ca.....pá	po.....ba	lá.....pada	e.....viar	e.....vasar
co.....pás	ca.....pión	ce.....pés	ta.....bor	me.....tir
tro.....pa	i.....vadir	co.....binar	ro.....per	e.....bigo